

Test “Vivimos en Democracia”

Cando creas que tes claro o tema, enfróntate a este test.

Ánimo, xa case o sacamos de enriba!!

1. Unha democracia é.....

2. É importante para que.....

3. Os principios imprescindibles para que sexa considerada democracia son:

	Control das ideas, igualdade, o valor das leis, participación política, pluralidade de razas e soberanía nacional.
	Control do poder, igualdade, o valor das leis, participación política, pluralidade política, soberanía nacional.
	Control do poder, igualdade, o valor das leis, participación en actos, pluralidade política, soberanía do goberno.
	Control do poder, desigualdade, o valor das leis, participación política, pluralidade política, soberanía nacional.

4. Marca os tres poderes nos que se divide o poder democrático:

	O poder político
	O poder xudicial
	O poder reivindicativo
	O poder lexislativo
	O poder do pobo
	O poder executivo



5. Une con frechas segundo quen encabeza ese poder e o seu cometido:

O Poder Executivo		O rei		Representa a España no estranxeiro. É o xefe do exército.
O Xefe do Estado		Os xulgados e tribunais		Fan cumprir as leis e xulgar aos que non as cumbran.
O Poder Lexislativo		O goberno		Aproba as leis e controla ao goberno.
O Poder Xudicial		As cortes xerais		É o encargado de tomar as decisións políticas e económicas.

6. Que é un partido político?


	Agrupación de veciños que se presentan ás eleccións do municipio para mellorar a comunidade de propietarios.
	Agrupación de persoas con distintas ideas sobre o xeito de gobernar un país. Representan unha pluralidade de ideas.
	Agrupación de persoas coas mesmas ideas sobre o xeito de gobernar un país. Representan unha pluralidade de ideas.

7. A CONSTITUCIÓN

- Que é a constitución?
- En que ano se redactou?
- Que valores se recoñecen nela?
- En que data concreta se aprobou?
- Como se aprobou?
- Que é un referendo?
- Que recolle a constitución?

8. A constitución inclúe entre outros os nosos dereitos e deberes. Aquí tes uns cantos. Marca todos os que sexan os nosos deberes.

☐	A educación
☐	A pagar impostos
☐	A sanidade
☐	A cumprir a lei
☐	Non sufrir maltrato
☐	Expresar as nosas ideas
☐	Coidar as persoas maiores



9. Para que pagamos impostos?

10. De que tres maneiras coñecemos que podemos participar na vida política

Votando a delegados na clase.	Presentando propostas de melloras para a contorna.
Colaborando en asociacións para defender intereses comúns, podendo realizar manifestacións pacíficas.	Mediante a votación, elixindo aos representantes das nosas institucións ao se maiores de 18 anos.
Falando do mal que o fan os políticos	Respectando a lei

11. Ordena de maior a menor como se organiza o territorio de España.

Municipio	Comunidade Autónoma	Provincia
>	>	

12. Elixo entre: municipio, provincia, comunidade autónoma

Hai máis de 8.000	Hai 50	Hai 17 + 2 cidades autónomas
A súa institución é o parlamento autonómico.	O goberno é a deputación provincial	O goberno é o concello.
Está formada por unha ou varias provincias.	Os seus representantes elíxense nas eleccións municipais	Os seus representantes elíxense nas eleccións autonómicas
Prestan aos seus habitantes servizos de recollida de residuos, auga potable...	Conta cun estatuto de autonomía	Está formada por varios municipios.